

Asunto: CONCURSO CONVOCADO PARA O OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA NECESARIA PARA A ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA DA VILA DE PORTONOVO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2022. AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA.

AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA

Vista a aprobación por unanimidade na sesión do consello de administración de Turismo de Sanxenxo SL de data 08 de xuño de 2022 do seguinte:

“Sometido este punto a votación, isto é, que en base os informes xurídicos, técnicos e contando coa fiscalización favorable da Intervención Xeral do Concello, á vista da valoración de ofertas presentadas, se RESOLVE ADXUDICAR A ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA DA VILA DE PORTONOVO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2022 á ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESANOS, AGA, APROBÁNDOSE O MESMO POR UNANIMIDADE dos presentes e representados.

Asemade facúltase á Presidencia para emitir, comunicar e publicar a Resolución de adjudicación en favor da Asociación Galega de Artesanía, AGA, así como para emitir, comunicar e publicar a Resolución de outorgamento da autorización administrativa, e que se dé traslado das mesmas ao Concello de Sanxenxo aos efectos legalmente oportunos. A autorización administrativa comprenderá en todo caso o dereito á ocupación do dominio público terrestre (no área delimitada no Anexo I das Bases do concurso e nas condición que se establecen na autorización outorgada polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra a estos efectos o pasado 11 de abril de 2022) e a súa explotación para a organización, xestión e desenvolvemento nesta área da Feira de Artesanía de Portonovo na tempada de verán do ano 2022, nos termos e condicións que se derivan do establecido no Prego de Bases publicado, autorización que se outorgará polo período indicado no propio prego, isto é: dende o 15 de xullo de 2022 ata o 31 de agosto de 2022, coa posibilidade de que, de maneira excepcional, a data de finalización poida ser ampliada á solicitude da adxudicatario por un período non superior a 5 días hábiles en base a causas técnicas vencelladas ás labores de desmontaxe. Asemade o adxudicatario deberá aboar no marco desta autorización o importe do canon fixado polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra pola ocupación dos terreos de dominio público durante todo o período, isto é: 4.759,07 €. “



É polo que, esta Presidencia, no uso das súas atribucións, **RESOLVE:**

I. OUTORGAR A PRESENTE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA á ASOCIACION GALEGA DE ARTESANOS, AGA, con CIF G15128275, coas consideracións aprobadas polo Consello de Administración e que se dé traslado da mesma ao Concello de Sanxenxo aos efectos legalmente oportunos.

A autorización administrativa comprende en todo caso o dereito á ocupación do dominio público terrestre (no área delimitada no Anexo I das Bases do concurso e nas condición que se establecen na autorización outorgada polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra a estos efectos o pasado 11 de abril de 2022) e a súa explotación para a organización, xestión e desenvolvemento nesta área da Feira de Artesanía de Portonovo na tempada de verán do ano 2022, nos termos e condicións que se derivan do establecido no Prego de Bases publicado, autorización que se outorga polo período indicado no propio prego, isto é: dende o 15 de xullo de 2022 ata o 31 de agosto de 2022, coa posibilidade de que, de maneira excepcional, a data de finalización poida ser ampliada á solicitude da adxudicataria por un período non superior a 5 días hábiles en base a causas técnicas vencelladas ás labores de desmontaxe.

Asemade o adxudicatario deberá aboar no marco desta autorización o importe do canon fixado polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra pola ocupación dos terreos de dominio público durante todo o período, isto é: 4.759,07 €.

II. NOTIFICAR A PRESENTE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA AOS SOLICITANTES, así como publicar a mesma na web do Concello.

En Sanxenxo a 9 de xuño de 2022, asinado electrónicamente pola Alcaldía-Presidencia.

"A presente Resolución pon fin a vía administrativo ao amparo do disposto no artigo 114 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, polo que poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante este órgano de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei



39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no prazo de un mes dende a notificación desta Resolución.

Alternativamente, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte a notificación da Resolución, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa”

